



BOP

MÉRCORES, 30 DE XANEIRO DE 2019 N.º 025

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA.

SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

ROQ AVENTURA S.L. solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.61782.

As obras solicitadas consisten na construción dun parque de aventuras na parcela de referencia catastral 27067A007000230000XT, no monte San Roque, na zona de policía e servidume dun rego innominado afluente do rego da Trasposta, na parroquia de Viveiro, no concello de Viveiro (Lugo). A maioría das instalacións ocupan o espazo aéreo montadas sobre as árbores.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Viveiro ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 23 de xaneiro de 2019.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral

R. 0270

CONCELLOS

BURELA

Anuncio

DELEGACIÓN FUNCIÓNS ALCALDÍA

Esta Alcaldía, con data do día 16 de xaneiro de 2017, ditou o Decreto número 2018-0026 que se transcribe a continuación:

DECRETO DE ALCALDÍA

Vistas as atribucións que son conferidas á Alcaldía pola normativa vixente art. 21 da Lei 7/85, art. 24 R.D.781/86, art 41 R.D. 2568/86, art. 61 da Lei 5/97 de Administración Local de Galicia.

Visto o disposto no artigo 47 do R.D. 2568/86 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de acordo co cal corresponde ós Tenentes de Alcalde, substituír na totalidade das súa funcións e polo orden do seu nomeamento ó Alcalde, en casos de ausencia, entre outros, esixíndose nestes casos, resolución expresa de delegación das competencias de que se trate, resolución que deberá reunir os requisitos establecidos no artigo 44 .1 e 2 do mesmo regulamento.

Visto o establecido no artigo 44.1 e 2 do R.D. 2568/86 de acordo cos cales as delegacións se realizarán por decreto de Alcaldía, con indicación das facultades que se delegan e condicións do seu exercicio, producindo efectos a resolución desde o día seguinte á data da mesma, sen prexuízo da súa obrigatoria publicación no BOP.

Visto que esta Alcaldía ten que ausentarse do termo municipal os días 23 a 25 de xaneiro de 2019, por motivos pessoais, **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Delegar no 2º Tenente de Alcalde D. José Díaz García as competencias da Alcaldía, os días 23 a 25 de xaneiro de 2019.

SEGUNDO: Ordenar a publicación da presente no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín oficial da Provincia.

TERCEIRO: Notifíquese a presente ao interesado aos efectos da súa aceptación e comuníquese ó Pleno na vindeira sesión ordinaria que celebre

Burela, 22 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Alfredo Llano García

R. 0223

O CORGO

Anuncio

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS

O Sr. Alcalde, o día 23 de xaneiro, e de conformidade co establecido na base quinta da convocatoria, ditou Resolución na que se contén a seguinte LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS PARA PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO SELECTIVO PARA CUBRIR, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, UNHA PRAZA DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO DA ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL así como O NOMEAMENTO DO TRIBUNAL E DATA DE CONSTITUCIÓN.

1. LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUIDOS:

ADMITIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	EXAME DE GALEGO
ABELLEIRA LENCE, SUSANA	43107558 S	NON
ALONSO FERNÁNDEZ, YASMINA	76729038 A	NON
ALONSO PÉREZ, ALEXANDRA	44491456 S	NON
ÁLVAREZ DÍAZ, MARÍA DE LOS ÁNGELES	33557521 S	NON
ÁLVAREZ RODRÍGUEZ, MÓNICA	34268439 A	NON
ÁLVAREZ SEOANE, M ^a CINTIA	76723061 Y	NON
APARICIO GRANJA, MARÍA ADELAIDA	44834310 L	NON
ARES CALVO, BEGOÑA	44806641 L	NON
ARMESTO LÓPEZ, NURIA	34274995 G	NON
BALLÓN DÍAZ, SILVIA	33350675 P	NON
BELÓN DE LA CALLE, ALDARA	33553173 Z	NON
BOO ANLLO, MARÍA ÁNGELES	33546637 X	NON
CAAMAÑO ESMORÍS, BEATRIZ PURIFICACIÓN	79311593A	NON
CALDERÓN PALLÍN, MARUXA	33539686 M	NON
CASTAÑAL FERNÁNDEZ, ANA	33345069 Z	NON
CASTRO BLANCO, SILVIA	53185340 W	NON
CASTRO LAGE, ROCÍO	35538338 Z	NON
CASTRO LÓPEZ, SANDRA	33553443 P	NON
CASTRO SEOANE, IVÁN	33339528 Q	NON
CHICO CARBALLAS, MAURO	33333095 T	NON
CORRAL RODRÍGUEZ, MARÍA	33330530 B	NON
CRUZ FERNÁNDEZ, MIGUEL	34280500 N	NON
CRUZ FERNÁNDEZ, BELÉN	33344768 N	NON
DE VEGA FLORES, AURORA	76583253 S	NON
DÍAZ GÓMEZ, YOLANDA	33351623 J	NON
DOMÍNGUEZ PÉREZ, LAURA	76932008 K	NON
ENCABO GONZÁLEZ, PABLO MARÍA	33544253 H	NON
ESTRADA CASTAÑO, DANIEL	04196758 V	SI
EXPÓSITO SALGADO, NURIA	33542488 R	NON

FALCÓN BELMONTE, RAUL	34981289 Z	NON
FERNÁNDEZ, GUTIÉRREZ, ALBERTO	33346446 B	NON
FERREIRO ARIAS, RAQUEL	33549153 L	NON
FIDALGO MÉNDEZ, SANDRA	71507174 J	NON
GARABAL NIEVES, ANA	44844553 G	NON
GARCÍA MÉNDEZ, MARÍA ISABEL	33326685 F	NON
GARCÍA VILAR, MARÍA PILAR	33538137 C	NON
GONZÁLEZ CASAR, REBECA	11084521 Q	NON
GONZÁLEZ DÍAZ, SUSANA	33343184 S	NON
GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, IRIA	33344597 W	NON
GONZÁLEZ FREIRE, MODESTO	76621492 M	NON
GONZÁLEZ GONZÁLEZ, ANA	34266166 F	NON
GONZÁLEZ OTERO, ALEJANDRA	76584139 G	NON
GONZÁLEZ PÉREZ, DIEGO	49902210 N	NON
HERRERO DÍAZ, ISABEL	76573662 S	NON
LÓPEZ ABELLA, BEATRIZ	33552562 R	NON
LÓPEZ PÉREZ, JOSÉ MIGUEL	32787573 S	NON
LÓPEZ GÓMEZ, ANA	32713073 N	NON
LÓPEZ QUIÑOÁ, AINHOA	33545699 S	NON
LÓPEZ TEIJEIRO, ZITA	34882001 V	NON
MAREY RODRÍGUEZ, MARÍA DEL MAR	33328835 H	NON
MOURIÑO TABOADA, ANTONIO	52480577 M	NON
NÚÑEZ PÉREZ, MARÍA	44474096 P	SI
NOGUEIRA PIÑEIRO, NOEMÍ	35482820 F	NON
OREIRO PÉREZ, YÉSICA	33548255 H	NON
PÉREZ ENRÍQUEZ, MARÍA JOSÉ	33333377 Y	NON
PÉREZ LÓPEZ, NEREA	33551860 N	NON
PEREIRO SORDO, BEATRIZ	34635782 J	NON
PITA COUSELO, MARÍA ALMUDENA	32665822 A	NON
PORTO VÁZQUEZ, ROSA	33336542 C	NON
PRADO VÁZQUEZ, MARÍA ISABEL	33337307 A	NON
PRIETO GONZÁLEZ, SONIA	76580708 T	NON
PRIETO MÉNDEZ, MARÍA	34265990 S	NON
REY MARTÍNEZ, IRIS	76925771 V	NON
REY PARIS, RUBÉN	47377098 L	NON
RIAL QUINTELA, MIGUEL ÁNGEL	44813994 N	NON
RÍOS PENA, XESÚS MANUEL	76367392D	NON
RIVAS LÓPEZ, SARA	76581539 ^a	NON
RODRÍGUEZ CABAÑAS, MIGUEL	33336523 R	NON
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, BEGOÑA	33323475 V	NON
SAAVEDRA CABEZÓN, DANIEL	32698170 J	NON
SÁNCHEZ LÓPEZ, JOSEFA	33544642 Q	NON
SÁNCHEZ SÁNCHEZ, MARTA	33346316 L	NON
SANDE LAGO, FERNANDO	47364051 J	NON
SILVA SEOANE, CAYETANA	77416227 K	NON
VILA ABUÍN, CONSTANTINO	33329059 N	NON

VIZCAYA VÁZQUEZ, MÓNICA	36119495 L	NON
YÁÑEZ MIRAGAYA, CARLOS	76580165 D	NON
ZAS FERNÁNDEZ, DAVID	34279411 G	NON

EXCLUIDOS:

APELIDOS E NOME	DNI	EXAME GALEGO	MOTIVO
ALONSO MALLO, SARA	53178261 F	NON	NON PRESENTA SOLICITUDE MODELO ANEXO II
CARTEMIL GARCÍA, MARÍA DEL PILAR	47369923 C	NON	ACHEGOU A SOLICITUDE FÓRA DE PRAZO
GARRIDO FERNÁNDEZ, ALBERTO	34993281 T	SI	NON PRESENTA SOLICITUDE MODELO ANEXO II

O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento.

2. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL E DATA DA CONSTITUCIÓN:**COMPOSICIÓN:**

PRESIDENTE: Ana María Rivas García. Secretaria do Concello de Becerreá.

SECRETARIO: Marco A. García-Gabilán Sangil. Secretario do Concello do Corgo.

1º VOGAL: Mónica Giménez López. Letrada do Servizo de Cooperación coas entidades locais da Deputación Provincial.

2º VOGAL: Severiano Daniel Vázquez Prado. Técnico de Administración Xeral do Concello de Becerreá.

3º VOGAL: Mª Belén López López. Secretaria do Concello de O Saviñao.

SUPLENTES:

- Julio González Casanova. Secretario do Concello de Friol.
- Rosa Pérez López. Secretaria do Concello de Navia de Suarna.
- Ana J. Fernández Reija. Xefe de Negociado-Administrativo do Concello do Corgo.
- Jesús Morado López. Técnico do Concello de Friol

DATA DE CONSTITUCIÓN: DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2019, ÁS 10:30 HORAS, NA CASA DO CONCELLO DO CORGO

O primeiro exercicio realizarase no prazo máximo de 60 días naturais desde a constitución do tribunal, anunciándose con 5 días naturais de antelación, como mínimo, e publicándose na páxina web do concello, taboleiro de anuncios do concello e da sede electrónica o día, hora e lugar onde se celebrará a proba.

As sucesivas publicacións referentes á presente convocatoria realizaranse a través da páxina web www.concellodocorgo.com, no taboleiro de edictos do concello e nos lugares onde se realicen as probas.

O Corgo, 23 de xaneiro de 2019.- O ALCALDE, José Antonio Ferreiro González

R. 0243

FOZ*Anuncio***Aprobación e exposición pública de Padróns fiscais e apertura do período de cobramento.**

Por Resolución desta Alcaldía foron aprobados os seguintes Padróns de contribuíntes:

Padrón	Data resolución aprobación	Período de cobramento en voluntaria
Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dos meses de novembro e decembro de 2018	18 de xaneiro de 2019	18 de xaneiro a 18 de marzo de 2019
Taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas dos meses de novembro e decembro de 2018	15 de xaneiro de 2019	15 de xaneiro a 15 de marzo de 2019

Expóñense ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra estes as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determináanse os períodos de pagamento en voluntaria reflectidos.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iníciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, a data de sinatura de 2019.- O ALCALDE, JAVIER JORGE CASTIÑEIRA

R. 0224

GUITIRIZ

Anuncio

APROBACIÓN DEFINITIVA ORZAMENTO 2019

Publicado anuncio de exposición pública da aprobación inicial do expediente do orzamento 2019 e da plantilla correspondente ao mesmo exercicio no BOP de data 31 de decembro de 2018 e transcorrido o prazo previsto no artigo 20.1 do R.D. 500/1990, do 20 de abril, sen se presentar reclamacións, este considérase definitivamente aprobado.

En cumprimento das previsións contidas no artigo 20.3 do propio R.D. 500/1990 publícase o resumo por capítulos do orzamento así como a plantilla.

Capítulo	GASTOS		Capítulo	INGRESOS	
1	Gastos de Persoal	2.233.693,48	1	Impostos directos	1.534.729,48
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.678.080,70	2	Impostos indirectos	57.940,00
3	Gastos financeiros	3.000,00	3	Taxas e outros ingresos	745.224,00
4	Transferencias Correntes	85.500,00	4	Transferencias Correntes	1.954.000,00
5	Fondo de Contingencia y otros imprevistos	50.000,00	5	Ingresos patrimoniais	0,00
6	Investimentos Reais	331.207,30	6	Alleamento de Investimentos Reais	0,00
7	Transferencias de Capital	0,00	7	Transferencias de Capital	89.588,00
8	Activos financeiros	12.500,00	8	Activos financeiros	12.500,00
9	Pasivos financeiros	0,00	9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL	4.393.981,48		TOTAL	4.393.981,48

PLANTILLA CONCELLO DE GUITIRIZ. ANO 2019

I) POSTOS DE TRABAJO DE PERSOAL FUNCIONARIO					
1.1 ESCALA DE HABILITACIÓN NACIONAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Secretaría	Secretaría (Categoría Entrada)	A1	28	1	0
Intervención	Intervención-Tesourería (Categoría Entrada)	A1	28	1	1
1.2 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Técnico de Administración Xeral	Técnica	A1	28	1	1
Técnico Medio Xestión Económica	Xestión	A2	22	1	0
Técnico de Emprego	Técnica	A1	24	1	0
Administrativo	Administrativa	C1	18	4	1
Conserxe	Subalterno	AP s Tit	14	2	0
1.3 ESCALA DE ADMINISTRACIÓN ESPECIAL					
DENOMINACIÓN	SUBESCALA	GRUPO	NIVEL	NÚMERO	VACANTES
Policía	Servizos Especiais	C1	16	2	2
Aparellador	Técnica	A2	24	1	0
Técnico Medio Ambiente	Técnica	A1	24	1	0
Encargado de Obras	Servizos Especiais	C2	14	1	0

II) POSTOS DE TRABAJO DE PERSOAL LABORAL FIXO/INDEFINIDO		
DENOMINACIÓN	NÚMERO	VACANTES
Traballadora Social	1	0
Chófer-Conserxe	1	0
Limpiadoras	4	0
Peóns Conductores	2	0
Técnico Medio Encargado Dirección Pedagóxica PAI	1	0
Monitor Deportes- Encargado	1	0
Brigada Verde - Peón Coordinador	1	0

Brigada Verde - Peón	2	0
Educadora Familiar	1	0
Auxiliar Axuda no Fogar	28	28
Peón de SSMM	3	3

Guitiriz, 24 de xaneiro de 2019.- A ALCALDESA, Regina Polín Rodríguez

R. 0277

Anuncio

Convocatoria para a creación dunha bolsa de emprego temporal de Auxiliares de Axuda no Fogar mediante concurso de méritos. Anos 2019-2022

O Concello de Guitiriz aprobou por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23/01/2019 as seguintes bases:

“Bases para a creación dunha bolsa de emprego temporal de auxiliares de axuda no fogar para posibles substitucións do persoal contratado ou acumulación de tarefas mediante o sistema de concurso de méritos.

PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

As presentes Bases e convocatoria teñen por obxecto a creación dunha bolsa de emprego temporal de auxiliares de axuda no fogar para posibles substitucións do persoal contratado por incapacidade laboral transitoria, vacacións; acumulación de tarefas, etc., cunha duración de 3 anos (2019-2022), mediante o sistema de concurso de méritos.

O réxime de contratación laboral será de duración determinada por acumulación de tarefas (ata un máximo de 6 meses) ou por substitución de traballadoras, de acordo co disposto no artigo 15.1. b) e c) do estatuto dos Traballadores.

A presente convocatoria e bases serán obxecto de publicación no BOP de Lugo, no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal (concellodeguitiriz.com) e na sede electrónica do Concello de Guitiriz (guitiriz.sedelectronica.gal). O resto de actos do proceso selectivo que deban ser obxecto de publicidade serán publicados unicamente no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e na sede electrónica do Concello de Guitiriz.

SEGUNDA.- FUNCÍONS E CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO

As funcións dos postos de traballo de “auxiliar de axuda no fogar” serán as establecidas na ficha nº28 da RPT do Concello de Guitiriz.

O traballo de “auxiliar de axuda no fogar” no servizo de SAF consistirá na realización das actividades reflectidas no plan de traballo que se elaborará o departamento de servizos sociais para cada persoa beneficiaria, e serán os referidos a atencións de carácter persoal, doméstico, atencións de roupa, compra e preparación de alimentos, tarefas de relación do contorno, e/ou outras que se determinen e que sexan necesarias para incorporar ao plan de traballo individualizado da persoa usuaria do servizo, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social responsable do servizo ou, no seu defecto, a profesional que interveña no caso.

Os traballos se realizarán en domicilios situados nas diferentes parroquias do municipio, de acordo coa programación de traballo que se lle designe, polo que as persoas seleccionadas terán que contar cos medios necesarios para o desprazamento, pola súa conta, dentro da xornada laboral.

O salario mensual será o establecido para esta categoría de posto de traballo máis os incrementos anuais que correspondan segundo as leis de orzamentos xerais do Estado.

TERCEIRA.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES

3.1. Para tomar parte no proceso selectivo será necesario reunir os seguintes requisitos establecidos no artigo 56 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro:

Idade: Ter cumpridos os dezaseis anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

Nacionalidade: a) Ter a nacionalidade española sen prexuízo do disposto no artigo 57 da texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

Capacidade: Non padecer enfermidade nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.As persoas con minusvalías deberán aportar

certificación do correspondente organismo, facendoo constar asemade na instancia, sinalando si precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.

Habilitación: Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non encontrarse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

Titulación: Ter algunha das seguintes titulacións ou habilitacións profesionais, ou comprometerse a obtela e a participar na formación específica que impartirá o Concello de Guitiriz (segundo modelo do Anexo II):

-Formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente (regulado no Real decreto 496/2003, de 2 de maio).

-Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (regulado no Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servizos socioculturais e a comunidade).

-Habilitación excepcional (BS800A) ou provisional (BS800B) para a categoría de auxiliar de axuda no fogar, segundo o establecido na Orde da Consellería de política social do 19/11/2018 pola que se regula o procedemento de obtención das habilitacións profesionais pertencentes as categorías de (...) auxiliar de axuda no fogar nos centros e servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOG de 17/01/2019. Conforme á Disposición adicional primeira (Réxime especial de zonas rurais) da citada Orde (en vigor dende o día 18/01/2019) no medio rural e nos municipios rurais de pequeno tamaño, cando non dispoñan das persoas coa acreditación requirida para as categorías mencionadas anteriormente, e se acredite a non existencia de demandantes de emprego na zona rural con estas características, mediante certificado da oficina de emprego correspondente, as persoas que non conten coa cualificación profesional exixida poderán ser contratadas, ata que os seus postos poidan ser ocupados por profesionais cualificados, ou adquiren a cualificación correspondente.

Requisitos específicos: Carne de conducir tipo B e dispoñer de medio de transporte para o desprazamento polas distintas parroquias do municipio.

3.2. Os citados requisitos entenderanse referidos á data de expiración do prazo sinalado para a presentación de instancias e manterse durante todo o proceso, así como, no seu caso, no momento da formalización dos contratos laborais.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE INSTANCIAS

4.1. Para tomar parte na selección as persoas interesadas deberán solicitar a súa participación mediante instancia dirixida á Sra. Alcadesa-Presidenta do Concello de Guitiriz, conforme ao modelo que consta no Anexo I das presentes bases, que poderán obter nas oficinas xerais do Concello e na páxina web municipal (concellodeguitiriz.com).

Na instancia deberá facer constar que reúne todos os requisitos xerais e específicos esixidos na base terceira da convocatoria para a categoría do posto de traballo á que aspira.

Á instancia deberase acompañar dos seguintes documentos:

- a) Copia do Documento Nacional de Identidade ou documento equivalente.
- b) Copia da titulación esixida para o posto de traballo. No seu defecto, compromiso de obter a titulación/habilitación profesional segundo o modelo do Anexo II.
- c) Copia da documentación acreditativa dos requisitos específicos e dos méritos alegados. Aqueles méritos alegados e non xustificadas documentalmente non serán tidos en conta polo Tribunal Cualificador.

4.2. As instancias presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Guitiriz (rúa do Concello, nº4 de Guitiriz), ou ben nos lugares e na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP de Lugo.

Se a solicitude se presentara por correo ou nun rexistro diferente ao do Concello de Guitiriz se deberá remitir ao fax do Concello (982372178) antes da data de expiración do prazo o documento xustificativo correspondente.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que haxan feito constar na súa solicitude, e unicamente poderán modificalos dentro do período de presentación de instancias.

QUINTA.- ADMISIÓN DE ASPIRANTES E DESIGNACIÓN DO TRIBUNAL DE VALORACIÓN DO CONCURSO.

5.1. Rematado o prazo de presentación de instancias aprobarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a relación provisional de aspirantes admitidos/as e

excluídos/a, antes do terceiro día hábil seguinte a aquel no que remate o prazo de presentación de instancias. O feito de figurar na relación de admitidos non prexulga que se recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos esixidos na base terceira.

5.2. Perante o prazo de 5 días hábiles, de conformidade co previsto no artigo 68 .da Lei 39/2015, do 1 de outubro, os interesados poderán corrixir os defectos a que se alude no referido artigo, e formular as reclamacións ás listas provisionais. De non presenta-la solicitude de rectificación ou reclamación no indicado prazo, decaerá no seu dereito, sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

5.3. Se non presentasen reclamacións á lista provisional considerárase definitiva. No suposto de existir reclamacións, unha vez transcorrido dito prazo aprobarase por resolución da alcaldía e publicarase no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a lista definitiva de aspirantes admitidos, e sinalarase a data e hora de realización da primeira proba da fase de oposición.

5.4. En dita resolución designarase aos membros do Tribunal para a valoración do concurso e selección dos aspirantes de conformidade con disposto no texto Refundido do EBEP.

Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do/a presidente/a e do/a secretario/a ou de quen lles substitúan, e da metade, al menos, dos seus membros. As decisións se adoptarán por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do/a presidente/a del Tribunal.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo á autoridade convocante, cando concorran neles algunhas das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público. Así mesmo, os interesados poderán promove-la recusación de acordo co sinalado no artigo 24 da citada norma.

Os Tribunais de Selección resolverán todas as cuestións derivadas da aplicación das Bases durante o desenvolvemento do proceso selectivo, encontrándose vinculados polo disposto nas Bases.

Os seus acordos serán impugnables nos supostos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A proposta do Tribunal de Selección determinarán a orden dos integrantes da Bolsa de Emprego.

SEXTA.- SISTEMA DE SELECCIÓN

A selección realizarase de conformidade co previsto na presente base polo sistema de concurso de méritos:

A fase de concurso consistirá na valoración dos seguintes méritos, na que se poderá acadar entre 0 e 10 puntos.

A) Experiencia profesional (puntuación máxima: 10 puntos)

Por cada mes completo de servizos prestados en calquera administración pública mediante relación laboral ou funcional ou en empresa privada no posto de traballo ao que aspira: 0,15 puntos.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

Os méritos do apartado A) acreditaranse mediante certificación dos servizos prestados e/ou mediante informe de vida laboral ao que se deberá achegar os contratos de traballo. Así mesmo deberá achegarse certificación acreditativa das funcións do posto desempeñado.

B) Formación (puntuación máxima: 4 puntos)

Valoraranse os títulos e cursos de formación e perfeccionamento recibidos relacionados coas funcións a desenvolver, impartidos por organismos ou institucións oficiais dependentes das administracións públicas ou homologados por estas.

Valorarase a seguinte formación relacionada do seguinte xeito:

-Formación Profesional (axuda no fogar, xerocultor, auxiliar de enfermería ou equivalentes). 2 puntos

-Cursos de formación: 0,1 puntos por cada 10 horas lectivas de formación relacionada.

-Masters ou estudos superiores: 1 punto por cada 100 horas de formación relacionada.

Non se valorarán os cursos que non especifiquen o número de horas.

Valoraranse en todo caso os cursos sobre seguridade e hixiene no traballo (0,2 puntos)

Os méritos do apartado B) acreditaranse mediante copias dos correspondentes títulos ou diplomas.

C) Coñecemento da lingua galega (puntuación máxima: 1 punto)

- Celga 4, equivalente ou superior: 1 punto.

- Celga 3 ou equivalente: 0,75 puntos.

- Celga 1 ou 2 ou equivalente: 0,50 puntos.

Só se valorará o curso de nivel superior.

Os méritos dos apartados C) acreditaranse mediante copias correspondentes títulos ou diplomas.

Unha vez efectuada polo Tribunal a valoración dos méritos se publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a puntuación obtida na fase do concurso.

O Tribunal de Selección determinará a orde provisional dos integrantes da Bolsa de Emprego, que será publicada no taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e na sede electrónica do Concello a efectos de posibles reclamacións durante un prazo de tres días, que serán resoltas polo Tribunal.

SETIMA.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO E FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO

7.1. Mediante Resolución de Alcaldía determinarase a lista definitiva dos integrantes da Bolsa de Emprego, por orde da puntuación total obtida no proceso selectivo polos distintos aspirantes, e será publicada no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello de Guitiriz.

En caso de empate na puntuación total, terá prioridade a persoa candidata que obtivese maior experiencia profesional. Se aínda persiste o empate decidírase por sorteo público.

A Bolsa de Emprego que se creará coa presente convocatoria terá unha vixencia de 3 anos, e os candidatos que pasen a formar parte da mesma non ostentarán dereito algún ao nomeamento/contratación.

7.2. Os procedementos específicos para a contratación do persoal laboral seleccionado no suposto de baixas, vacacións, permisos ou circunstancias similares do persoal; ou por acumulación de tarefas, atender servizos estacionais urxentes que non poidan prestarse co persoal existente, realizaranse conforme aos seguintes trámites:

-Informe do/a xefe/a de servizo ou sección ou do concelleiro do área, xustificando as circunstancias e as necesidades de persoal.

-Informes xurídico de secretaría e informe de fiscalización e existencia de crédito de intervención

-Resolución de Alcaldía acordando o nomeamento da candidata que ocupe o primeiro lugar da lista, agás que renuncie ou non conteste, en cuxo caso se nomeará á seguinte candidata da Bolsa de Emprego, pasando este ao último lugar da lista; e así sucesivamente.

Si algunha candidata non contesta seguirase chamando as seguintes do listado co fin de axilizar e non paralizar o proceso de contratación, tendo en conta que si durante esa xornada a persoa coa que non se deu contactado se pon en contacto co concello ten dereito a ser contratado, doutro xeito pasará ao final do listado.

A renuncia é obrigatoria sendo válida por fax, correo electrónico ou calquera outro medio no que quede constancia no concello

-Formalización do correspondente contrato laboral temporal polo período que dure a substitución de persoal, ou os servizos temporais ou estacionais urxentes, persoal existente, conforme ao Estatuto dos Traballadores, baixo a modalidade que proceda no caso concreto.

7.3. Unha vez que o persoal contratado remate o seu contrato de traballo, se tivese acumulados máis de 180 días de traballo para o Concello, pasará a ocupar o derradeiro lugar na lista; en caso contrario, volverá a ocupar o lugar no que se atopaba antes da contratación.

En ningún caso se adquirirá fixeza a través das contratacións da Bolsa de Emprego.

A xornada laboral poderá ser a tempo completo ou a tempo parcial, dependendo das necesidades do servizo.

7.4. A renuncia a unha oferta sen motivo xustifico implicará que o candidato pase ao último lugar da correspondente bolsa de emprego. A renuncia a dúas ofertas sen xustificar serán causa de expulsión da bolsa de emprego. Serán causas xustificadas de renuncia a unha oferta, e por tanto non pasará o candidato ao último lugar da lista, quedando na mesma posición da lista como non dispoñible, ata que finalice a situación que motivou a renuncia á oferta, as seguintes:

a) estar en período de descanso maternal ou de adopción, acreditado por certificado de nacemento ou Libro de Familia.

b) estar en situación de incapacidade temporal, acreditado por certificado médico.

c) falecemento ou enfermidade grave de familiar ata segundo grado, acreditado por certificado médico.

d) outras causas similares as anteriores debidamente xustificadas.

e) Atoparse en situación de emprego activo temporal e non elixir cambiar de posto de traballo, Neste caso causará baixa temporal na lista e será súa a responsabilidade de xustificar a data de finalización do contrato que teña vixente para a súa reincorporación á bolsa de emprego. Unha vez xustifico pasará ao final

A presentación da documentación acreditativa de calquera das anteriores circunstancias efectuarase no prazo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte ao da notificación do chamamento efectuado polo Concello.

7.5. Son causas de exclusión da bolsa de emprego as seguintes:

- a) Haber sido separado do servizo mediante expediente disciplinario sempre que exista unha resolución xudicial definitiva.
- b) A non superación do período de proba. No caberá esixir dito período de proba cando o traballador xa desempeñara as mesmas funcións con anterioridade.
- c) Haber sido despedido polo Concello de Guitiriz.

OITAVA.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATO DE TRABALLO.

Cando os integrantes da bolsa sexan chamados para ser contratados, no prazo de cinco días naturais dende o chamamento, deberá presentar na secretaría do Concello de Guitiriz, os seguintes documentos, agás os que xa obren no expediente:

- a) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse co orixinal para a súa compulsa, do D.N.I.
- b) Copia autenticada, ou fotocopia que deberá presentarse acompañada do orixinal para a súa compulsa, do título esixido na convocatoria.
- c) Certificación médica acreditativa de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das funcións do posto de traballo.
- d) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non haber sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo ás Administracións Públicas, nen se atopar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.
- e) Declaración formal, baixo xuramento ou promesa, de non atoparse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente.

Os que tivesen a condición de funcionarios públicos ou persoal laboral, estarán exentos de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa amosados para obter o seu anterior nomeamento, debendo presentar certificación da administración da que dependeran para acreditar tal condición.

Os que dentro do prazo sinalado, agás nos casos de forza maior, non presentasen a documentación esixida, non poderán ser contratados, sen prexuízo da responsabilidade en que houberen podido incurrir por falsedade dimanante da solicitude para participar no concurso.

Cumprimentado o anterior procederá a sinatura dos contratos laborais temporais. O réxime de contratación laboral será de duración determinada por acumulación de tarefas (ata un máximo de 6 meses) ou por substitución de traballadoras, de acordo co disposto no artigo 15.1. b) e c) do estatuto dos Traballadores.

As condicións da contratación serán as seguintes:

- O traballo consistirá na realización das actividades reflectidas no plan de traballo que se elaborará no departamento de servizos sociais de cada persoa beneficiaria, e serán os referidos a atencións de carácter persoal, doméstico, atencións de roupa, compra e preparación de alimentos, tarefas de relación do contorno, e/ou outras que se determinen e que sexan necesarias para incorporar ao plan de traballo individualizado da persoa usuaria do servizo, e de conformidade co informe emitido pola traballadora social responsable do servizo ou, no seu defecto, a profesional que interveña no caso.
- Os traballos se realizarán en domicilios situados nas diferentes parroquias do municipio, de acordo coa programación de traballo que se lle designe, polo que as persoas seleccionadas terán que contar cos medios necesarios para o desprazamento, pola súa conta, dentro da xornada laboral.
- O salario mensual será o establecido para este posto de traballo máis os incrementos anuais que correspondan segundo as leis de orzamentos xerais do Estado.
- Aos contratos deben engadirse as demais condicións establecidas con carácter preceptivo no ordenamento xurídico aplicable.

NOVENA.- LEXISLACIÓN E RÉXIME DE RECURSOS

En todo o non previsto nestas bases, serán de aplicación ás probas selectivas as seguintes disposicións: Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Réxime Local; Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por RDL 5/2015, de 30 de outubro; Lei 2/2015, do 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; Lei 5/1997, de 22 de xuño, da Administración Local de Galicia. Serán tamén de aplicación o R.D. 364/1995, de 10 de marzo, Decreto 95/91, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal Administración da Comunidade Autónoma de Galicia; o Real Decreto Lexislativo 1/95, de 24 de marzo, de Estatuto de Traballadores e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común e tódalas demais normas de xeral aplicación para estes supostos. Non serán de aplicación as bases xerais do Concello de Guitiriz aprobadas polo decreto de alcaldía 40/2008.

Tanto a convocatoria como as bases e demais actos administrativos que se deriven poderán ser impugnados nos casos e nas formas previstos na Lei do procedemento administrativo común:

-Recurso de reposición potestativo no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria.

-Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo da Resolución de Alcaldía aprobando as bases e a convocatoria; ou si se interpón recurso de reposición no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da notificación da resolución do recurso.”

ANEXO II

COMPROMISO DE OBTEN A TITULACION OU HABILITACIÓN PROFESIONAL PARA AUXILIARES DE AXUDA ANO FOGAR E PARA PARTICIPAR NAS ACCIONS FORMATIVAS ESPECIFICAS QUE IMPARTA O CONCELLO DE GUITIRIZ

DATOS PERSOAIS:		
.....
SEGUNDO APELIDO	NOME	PRIMEIRO APELIDO
.....
DATA DE NACEMENTO	LUGAR DE NACEMENTO	PROVINCIA DE NACEMENTO
.....
DNI	DOMICILIO	TELEFONO
.....
MUNICIPIO	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
.....

O abaixo asinante **COMPROMÉTESE** a obter algunha das seguintes titulacións ou habilitacións profesionais:

-Formación profesional de grado medio de atención sociosanitaria ou equivalente (regulado no Real decreto 496/2003, de 2 de maio).

-Certificado de profesionalidade de atención sociosanitaria a persoas no domicilio ou equivalente (regulado no Real decreto 1379/2008, de 1 de agosto, polo que se establecen os certificados de profesionalidade da familia profesional de servicios socioculturais e a comunidade).

-Habilitación excepcional (BS800A) ou provisional (BS800B) para a categoría de auxiliar de axuda no fogar, segundo o establecido na Orde da Consellería de política social do 19/11/2018 pola que se regula o procedemento de obtención das habilitacións profesionais pertencentes as categorías de (...) auxiliar de axuda no fogar nos centros e servizos sociais do Sistema para a autonomía e atención á dependencia no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, publicada no DOG de 17/01/2019.

E comprométese a participar na formación específica que imparta o Concello de Guitiriz.

En a de de 2019
Sinatura

Guitiriz, 24 de xaneiro de 2019.- A alcaldesa, Regina Polín Rodríguez

R. 0278

O VALADOURO

Anuncio

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL DE 2 OPERARIOS (OFICIAIS DE 1ª) PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO DE VÍAS MUNICIPAIS AO ABEIRO DO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018- PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO

PRIMEIRA.— OBXECTO E NORMAS DE APLICACIÓN

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, a través do proceso de selección de concurso, de 2 traballadores (2 operarios (oficiais de 1ª) para o servizo de mantemento de vías municipais para a realización de diversos traballos ao abeiro do Programa Fomento do Emprego.

As probas selectivas para o acceso ás prazas convocadas seralles de aplicación a Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local, Lei 5/1997 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, Lei 2/2015 do 29 de abril do emprego público de Galicia, Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores e demais disposicións aplicables e así mesmo, o recollido nas Bases reguladoras do plan provincial Único de Cooperación cos Concellos 2018 da Excm. Deputación provincial de Lugo.

SEGUNDA.— CARACTERÍSTICAS DOS POSTOS DE TRABALLO LABORAL CONVOCADO

O número de postos de traballo, a súa denominación e características relaciónanse de seguido:

.- Número e denominación dos postos: 2 operarios (oficiais de 1ª) para o servizo de mantemento de vías municipais.

.- Servizos diversos municipais.

.- Modalidade contractual: A modalidade de contrato de traballo temporal a tempo completo durante 5,5 meses, sendo en todo caso a data límite de finalización do contrato o 30 de setembro de 2019.

.- Funcións:

2 operarios - Servizo de mantemento de vías municipais, traballos diversos tales como:

- Reparación, extracción e reposición de pavimentos
- Retirada e colocación de mobiliario urbano
- Construcción de arquetas e imbornais de saneamento
- Construcción de vados para paso de peóns
- Traballos de reparación e mantemento de beirarúas
- Traballos de albañilería

- Retribucións: As retribucións que correspondan segundo o Convenio Correspondente.

TERCEIRA.—REQUISITOS DOS ASPIRANTES

1. Tódolos requisitos así como os méritos alegados para o concurso, deberán reunirse á data en que remate o prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse con posterioridade ata o nomeamento do aspirante seleccionado.

2. Con carácter xeral os aspirantes, con anterioridade á finalización do prazo de presentación de instancias, deberán reunir os seguintes requisitos para poder tomar parte nas probas de selección:

a) Ter a nacionalidade española. Tamén poderán participar os nacionais dos Estados Membros da Unión Europea, os cónxuxes dos españois e dos nacionais doutros Estados Membros da Unión Europea, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes; as persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores; e os estranxeiros co residencia legal en España.

b) Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con diversidade funcional cos demais aspirantes, non podendo fixarse con carácter xeral limitacións físicas ou psíquicas senón nos casos en que sexan incompatibles co normal desempeño do traballo correspondente, adoptándose polo Tribunal cualificador medidas e medios para a realización das probas, de forma que gocen de igualdade de oportunidades cos demais participantes. A condición de minusvalía e a súa compatibilidade acreditarase con certificación expedida polo organismo competente.

d) Non haber sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso ao Corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houberse sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin haber sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

e) Non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.

3. Serán requisitos específicos:

2 operarios (oficiais de 1ª) para o servizo de mantemento de vías municipais

- permiso de conducir clase B.

Será imprescindible que as persoas a contratar a través do Programa Fomento do Emprego 2018 produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego para os casos en que a xornada de traballo sexa igual ou inferior o 50 % da xornada. Xustificarase coa aportación do informe de vida laboral actualizado.

CUARTA.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

1.-As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, en modelo que se facilitará no Rexistro Xeral da Corporación, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na base terceira desta convocatoria.

2.- Os aspirantes con algunha diversidade funcional terán que indicalo na solicitude, acompañada da correspondente documentación acreditativa. Así mesmo, terán que solicitar as posibles adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria.

3.-As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello do Valadouro no prazo de **cinco (5) días hábiles** contados dende o día seguinte da publicación do anuncio de convocatoria no Boletín Oficial da Provincia. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/15, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante fax (982 574303) durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias

4.- A solicitude irá acompañada da seguinte documentación:

.- Copia compulsada do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo.

.- Copia compulsada do permiso de conducir clase B.

.- Informe de vida laboral actualizado.

.- Relación dos méritos que aleguen para a súa avaliación na fase de concurso, que se acompañará da documentación orixinal (ou fotocopias autenticadas) acreditativa dos mesmos.

Non se terán en conta nin serán valorados aqueles méritos que non estean acreditados na forma indicada. Tampouco se terán en conta aqueles méritos que non se acrediten suficientemente no momento de rematar o prazo de presentación de instancias.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, tódolos documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de tratarse de documentos expedidos noutras

Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados en lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva Comunidade. Tratándose de documentos expedidos nun país estranxeiro, deberán estar traducidos, validados e apostilados pola correspondente oficina diplomática española ou organismo competente.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e sexan nacionais dun Estado Membro da Unión Europea, con dereito a participar nalgún proceso selectivo, deberán presentar unha fotocopia do Pasaporte ou documento que acredite a súa identidade e nacionalidade. De ser o caso, tamén presentarán os documentos que confirmen o vínculo de parentesco e o feito de vivir a expensas ou estar a cargo dunha persoa nacional doutro Estado co que teña o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar unha declaración xurada ou promesa de dita persoa de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás súas expensas ou de que está ao seu cargo.

Os demais aspirantes estranxeiros, xunto coa fotocopia do seu Pasaporte en vigor, deberán acompañar copia do documento que acredite que están habilitados a residir e a poder acceder sen limitación ao mercado laboral en España.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

Non poderán participar na presente convocatoria aquelas persoas que teñan prestado servizos no Concello do Valadouro con carácter temporal por un período de 18,5 meses nos últimos 24,5 meses, con independencia de que a relación laboral tivera ou non continuidade en dito período.

QUINTA.—ADMISIÓN DE ASPIRANTES

1. Rematado o prazo para presentalas instancias, o Alcalde ditará resolución no prazo máximo de dous días hábiles que conterà:

-a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión.

-a designación do tribunal cualificador e a data da súa constitución

-a data, hora e lugar en que se realizará a valoración de méritos.

Esta resolución publicarase de xeito íntegro no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web.

2. Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de dous días hábiles, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos.

3. Transcorrido o prazo de subsanación, as reclamacións, se as houbera, serán aceptadas ou rexeitadas mediante resolución pública de Alcaldía, publicada no taboleiro de anuncios, aprobando a lista definitiva de admitidos e excluídos.

4. De non haber excluídos ou se non se presentaran reclamacións, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

5. A inclusión dos aspirantes nas listas de admitidos non supón, en ningún caso, o recoñecemento por parte desta Administración Municipal de que aqueles reúnen os requisitos esixidos para ser nomeados para a súa contratación, requisitos que se deberán acreditar segundo o establecido na base 9ª.

SEXTA.—TRIBUNAL CUALIFICADOR

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Sr. Alcalde – Presidente segundo o disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e en atención ao principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

A totalidade dos seus membros deberá posuír un nivel de titulación igual ou superior á esixida para o aceso á praza obxecto desta convocatoria.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.

Non poderán formar parte do Tribunal os funcionarios ou laborais que realizaran tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á convocatoria.

O tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do Tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

O tribunal cualificador estará integrado do seguinte feito:

Presidente: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

Secretario: O da Corporación, funcionario ou persoal laboral. Con voz e voto.

Vogal: Un funcionario de carreira ou persoal laboral. Con voz e voto.

En ningún caso poderán formar parte do Tribunal funcionarios interinos ou persoal laboral temporal.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista provisional de admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convócate, cando conorra algunha das circunstancias previstas no art. 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 24 da lei citada.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros. En todo

caso, será precisa a asistencia do Presidente e Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas bases.

SÉTIMA.—PROCEDIMIENTO DE SELECCIÓN E CUALIFICACIÓN

O proceso de selección: Concurso

O Tribunal terá en conta os méritos alegados e acreditados, de acordo co seguinte baremo:

1. Cursos e outras actividades de formación relacionados coas funcións do postos (**máximo 1,00 puntos**)
Acreditarase mediante copia do Título, Diploma ou certificación.

- Cursos de duración igual ou inferior a 10 horas ou duración non acreditada: 0,05 puntos por cada un.
- Cursos de máis de 10 horas e ata 25 horas: 0,10 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 25 horas e ata 50 horas: 0,15 puntos por cada un.
- Cursos de mais de 50 horas e ata 100 horas: 0,20 puntos por cada un.
- Curso de mais de 100 horas e ata 150 horas: 0,25 punto por cada un.
- Cursos de mais de 150 e ata 200 horas: 0,30 puntos por cada un.
- Por cada curso de mais de 200 horas: 0,35 puntos.

2. Experiencia profesional (**máximo 3,00 puntos**) Acreditarase a través de certificación oficial de vida laboral actualizada e a copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas e a duración.

- Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade pública.....0,40 Puntos.
- Por cada mes de servizo realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado nunha Entidade Privada.....0,10 Puntos.

3. Proba Práctica. (**Máximo 6,00 Puntos**)

Realizarase unha ou varias probas prácticas sobre as funcións a realizar.

NOVENA.-APORTACIÓN DE DOCUMENTOS

No prazo de dous días hábiles seguintes á data de publicación do resultado de selección, os aspirantes propostos deberán xustificar que reúnen os requisitos esixidos na base 3ª desta convocatoria, presentando documentos que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo, é dicir:

- a) Certificación acreditativa de non padecer enfermidade ou limitación física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento da súa función.
- b) Declaración xurada de non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente.

Se o aspirante proposto tivese a condición de diversidade funcional acreditará mediante certificado correspondente, que reúne as condicións necesarias para desempeñar as funcións da praza.

Se no prazo sinalado, salvo casos de forza maior, algún dos aspirantes propostos non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ao seu nomeamento, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

DÉCIMA.—NOMEAMENTO.

Unha vez presentada a documentación sinalada no apartado anterior, o Presidente da Corporación, fará o nomeamento a favor das persoas propostas polo Tribunal Cualificador.

UNDÉCIMA.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

A formalización dos contratos terá lugar dentro do prazo de cinco días hábiles, a contar desde a data de notificación do acordo de nomeamento. Quen no prazo indicado non formalice o contrato sen causa xustificada quedará na situación de cesante, con perda de tódolos dereitos derivados da convocatoria e do nomeamento conferido.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

A persoa contratada estará obrigada a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese do servizo, con horario de mañá ou de tarde, ou mesmo fraccionado a xornada se fose preciso, e de acordo coa lexislación aplicable.

DUODÉCIMA.- BOLSA DE EMPREGO.

A lista complementaria de reserva prevista na base 8ª constituirase nunha bolsa de emprego, á que se acudirá para o caso de que algunha praza contratada ao abeiro desta convocatoria quedase definitivamente vacante por algunha circunstancia ou para realizar algunha substitución temporal con reserva de praza (referida a estas prazas)

DÉCIMO TERCEIRA.—NORMAS FINAIS

Primeira.- Para todo o non previsto nestas bases, será de aplicación supletoria o establecido na Lei Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei reguladora das Bases do Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, na Lei de medidas para a reforma da Función Pública, na Lei de emprego público de Galicia, no Real Decreto 896/1991, sobre regras básicas e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, no no Real Decreto 364/1995, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado e na demais lexislación vixente que sexa de aplicación.

Segunda.- Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base 4ª, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración do proceso selectivo faranse públicos, exclusivamente, a a través do taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello.

Terceira.- Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como das actuacións dos tribunais cualificadores, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de procedemento administrativo e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Cuarta.- Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo, no prazo de dous meses, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria.

Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñerse RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

ANEXO I (modelo de instancia)

D./D.^a.....,con
DNI.....,nado/-a(data nacemento), veciño/-a
de....., con enderezo a efectos de notificación en
Teléfono .

EXPÓN:

Que desexa ser admitido/-a ás probas selectivas de acceso para a cobertura de unha praza de (Sinale con un aspa a praza/s para a cal/es solicita a participación)

- OPERARIO SERVIZO MANTEMENTO DE VÍAS MUNICIPAIS

Que coñece e acepta as bases que rexerán para a dita convocatoria, e declara que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos, referidos á finalización do prazo sinalado para a presentación de instancias.

Que achega coa solicitude a seguinte documentación ou xustificantes esixidos polas bases que rexen a convocatoria así como os xustificantes dos méritos alegados:

(relación de documentación esixida e de méritos alegados)

Polo tanto SOLICITA:

Que se teña por presentada a correspondente solicitude no prazo establecido e se lle admita a tomar parte nas probas selectivas para o/os posto/s arriba indicado/s.

O Valadouro,, de de 2019

(sinatura)

O Valadouro, 22 de xaneiro de 2019.- O Alcalde, Edmundo Maseda Maseda.

R. 0227

ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL N.º 2 LUGO

Anuncio

D. SINESIO NOVO FERNANDEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de LUGO, **HAGO SABER:**

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 3/2019 de este Juzgado de lo Social, seguido a instancia de D^a RAQUEL BURGOS PEÑA contra MANUEL QUIÑO A MORADO sobre ORDINARIO, se ha dictado Auto de fecha 16/01/2019 cuya parte dispositiva dice:

“DISPONGO: Despachar orden general de ejecución a favor de RAQUEL BURGOS PEÑA, frente a la empresa MANUEL QUIÑO A MURADO, por la cantidad **4.489,40 euros** de principal, más **875 euros** presupuestados provisionalmente para intereses y costas.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Mediante recurso de reposición a interponer en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a su notificación con expresión de la/s infracción/es cometida/s en la resolución, cumplimiento o incumplimiento de presupuestos y requisitos procesales exigidos y/o oposición a la ejecución despachada en los términos previstos en el art. 239.4 de la Ley Reguladora de la Jurisdicción Social, sin que la interposición del recurso tenga efectos suspensivos con respecto a la resolución recurrida.

Así lo acuerda y firma SS^a. Doy fe.

LA MAGISTRADA JUEZ EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA”

Así mismo, en el día de la fecha, se ha dictado decreto cuya parte dispositiva dice literalmente:

“ACUERDO: Requerir a la empresa ejecutada **MANUEL QUIÑO A MURADO**, a fin de que, en el plazo de **5 días**, ingrese en la cuenta de este juzgado, número **2323000064000319**, OP de Banco Santander en Lugo, la cantidad de **4.489,40 euros** que se le reclaman de principal, más **875 euros** calculados provisionalmente para intereses y costas, apercibiéndole que, en caso de impago, se procederá al **embargo de bienes** de su propiedad, suficientes para cubrir las cantidades reclamadas.

Obtener relación de bienes o derechos del deudor de que exista constancia a través de las aplicaciones informáticas de la Dirección General del Catastro, Dirección General de Tráfico y Agencia Estatal de la Administración Tributaria y dirigir oficios a los correspondientes Registros de la Propiedad.

Informar a la parte ejecutante de que puede designar una cuenta bancaria de su titularidad, a fin de transferir a la misma las cantidades que se obtengan a su favor en la presente ejecución.

Notifíquese a las partes, haciéndoles saber que en aplicación del mandato contenido en el artículo 53.2 de la LJS, en el primer escrito o comparecencia ante el órgano judicial, las partes o interesados, y en su caso los profesionales designados, señalarán un domicilio y datos completos para la práctica de actos de comunicación. El domicilio y los datos de localización facilitados con tal fin, **surtirán plenos efectos y las notificaciones en ellos intentadas sin efecto serán válidas** hasta tanto no sean facilitados otros datos alternativos, siendo **carga procesal de las partes** y de sus representantes **mantenerlos actualizados**. Asimismo deberán comunicar los cambios relativos a su número de teléfono, fax, dirección electrónica o similares, siempre que estos últimos estén siendo utilizados como instrumentos de comunicación con el Tribunal.

MODO DE IMPUGNACIÓN: Contra la presente resolución cabe recurso directo de revisión que deberá interponerse ante el presente órgano judicial en el plazo de **TRES DÍAS** hábiles siguientes a la notificación de la misma con expresión de la infracción cometida en la misma a juicio del recurrente, art. 188 LJS. El recurrente que no tenga la condición de trabajador o beneficiario de régimen público de la Seguridad Social deberá hacer un depósito para recurrir de 25 euros, en la cuenta nº 2323 abierta en BANCO SANTANDER, LUGO, debiendo indicar en el campo concepto, la indicación recurso seguida del código "31 Social- Revisión de resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si el ingreso se hace mediante transferencia bancaria deberá incluir tras la cuenta referida, separados por un espacio con la indicación "recurso" seguida del "31 Social-Revisión de

resoluciones Letrado de la Administración de Justicia". Si efectuare diversos pagos en la misma cuenta deberá especificar un ingreso por cada concepto, incluso si obedecen a otros recursos de la misma o distinta clase indicando en el campo de observaciones la fecha de la resolución recurrida utilizando el formato dd/mm/aaaa. Quedan exentos de su abono en todo caso, el Ministerio Fiscal, el Estado, las Comunidades Autónomas, las Entidades locales y los Organismos Autónomos dependientes de ellos.

EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA"

Y para que sirva de NOTIFICACIÓN EN LEGAL FORMA a MANUEL QUIÑOIA MURADO, en ignorado paradero, expido el presente para su inserción en el Boletín Oficial de LUGO.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En LUGO, a dieciséis de enero de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA**

R. 0217

MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA

CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : V/27/01165
PETICIONARIO : Mercedes María Lago Arneiros, Francisco Pablo Santiago Loureiro
VERTIDO
DENOMINACIÓN : Vivienda en Robra
LOCALIDAD : Robra (San Pedro Fiz)
TÉR.M. MUNICIPAL : Outeiro de Rei
PROVINCIA : Lugo
RÍO/CUENCA : Santa Marta/Santa Marta

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Vivienda en Robra" - "Mercedes María Lago Arneiros, Francisco Pablo Santiago Loureiro", con un volumen máximo anual de 186,00 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Separador de grasas.
- Fosa séptica con prefiltro.
- Arqueta de reparto.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 0216

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

EXPEDIENTE DE VERTIDO DE AGUAS RESIDUALES.

EXPEDIENTE : V/27/01161
PETICIONARIO : Inverólica de Abella, S.L.
VERTIDO
DENOMINACIÓN : Parque Eólico Montes de Abella
LOCALIDAD : Parque Eólico Montes de Abella, Carballal
TÉR. MUNICIPAL : Láncara
PROVINCIA : Lugo
RÍO/CUENCA : Armea de/Armea de

El vertido cuya autorización se solicita corresponde a las aguas residuales urbanas de "Parque Eólico Montes de Abella" - "Inverólica de Abella, S.L.", con un volumen máximo anual de 219,00 m3.

Las instalaciones de depuración constan básicamente de los siguientes elementos:

- Fosa filtro-decantador digestor con filtro biológico.
- Arqueta de toma de muestras.
- Zanja filtrante.

Lo que se hace público para general conocimiento, por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones en la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O. A. durante el plazo indicado.

El expediente de vertido estará de manifiesto en las Oficinas de esta Comisaría de Aguas en Lugo (Ronda da Muralla, 131, 2º).

EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López

R. 0218
